

29 Setembro 2022

Revisións tratamentos Óxido Cuproso, realizados contra as bandas dos piñeiros.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, tal e como establece a primeira revisión do Plan Forestal de Galicia, pretende aumentar a superficie de coníferas e o fomento das repoboacións de alta calidade xenética. Por todo elo, mediante a rede de avisos fitosanitarios préstase especial atención á detección das súas posibles pragas e enfermidades.

Co nome xenérico da enfermidade das bandas das acículas dos piñeiros ou dos vermellos criptogámicos, chámanse un grupo de especies de fungos que afectan ás acículas de diferentes tipos de piñeiros e outras coníferas. A afección das bandas das acículas é coñecida nos nosos piñeirais durante moitas décadas, pero ata hai uns anos estas enfermidades manifestábanse sobre todo nos fondos dos vales, montañas con alta densidade arbórea ou áreas asociadas a alta humidade ambiental, pero o cambio das condicións climáticas, parece que está a facer que se estendan a outras zonas. Os síntomas producen o secado e defoliación das partes inferior e media das árbores. Considérase que pode afectar á produción cando a defoliación alcanza porcentaxes superiores ao 25% das acículas e o crecemento das árbores se detén cando a defoliación supera o 75%.

Ante a presenza destes síntomas, atopados nas revisións periódicas das parcelas da Rede de Avisos Fitosanitarios, dende a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a través da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias solicitouse ó Ministerio, a autorización excepcional para comercialización e uso, en aplicación terrestre, dos produtos fitosanitarios formulados a base de óxido Cuproso. O 10 de febreiro de 2022, publicouse a resolución de autorización excepcional para uso de óxido cuproso dende o 1 de abril de 2022 ata o 29 de xullo de 2022, para *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus nigra* e para as provincias de A Coruña e Lugo. O 7 de Abril de 2022, tamén se autorizou a inclusión nesta resolución, das provincias de Ourense e Pontevedra.

Unha vez autorizado o uso do óxido cuproso, realizáronse dous tratamentos con este produto (un en primavera e outro no verán), o único composto para o que actualmente existe unha historia de tratamentos validada cientificamente e que pode ser un indicador de eficacia de todos eles, nos montes de Xestión pública que presentabas síntomas da enfermidade.

No outono comézase o monitoreo da efectividade dos tratamentos do ano 2022, a través de recollidas de mostras de acículas e terra e unha análise visual da eficacia dos tratamentos.

- Recollerase unha mostra de terra, para avaliar o posible efecto da aplicación de produtos do cobre no chan. Estas mostras son remitidas ao Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Mabegondo.
- Recolleranse mostras de acículas e realizarase unha mostraxe de visu, estas mostras remítense á Estación Fitopatolóxica do Areeiro para a súa análise.

Nas primeiras revisións visuais realizadas no monte de xestión pública de Cornedo e Fontesecca (Concello de Castroverde-Distrito X-Lugo), no cal se realizaron os dous tratamentos formulados a base de óxido Cuproso, observouse unha menor porcentaxe de decoloración nas acículas e unha maior densidade de acículas. Preséntanse fotografías tomadas dende o mesmo punto, a primeira realizada na primavera do 2.022, antes do primeiro tratamento, e a segunda realizada en setembro de 2.022.

